

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2022.

Antecedentes.

Primeiro. Con data do 29.9.2021 a Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia presentou os anexos I e II do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 129, do 6 de xullo), debidamente cubertos, e a solicitude de renovación para o aproveitamento específico para a pesca da anguía na bacía do río Tambre para o ano 2022, así como as listaxes das vendas das capturas diarias das embarcacións autorizadas no plan do ano 2021.

Segundo. Por Resolución do 14 de febreiro de 2013, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza aproba o Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2013 (DOG núm. 44, do 4 de marzo), que se foi renovando en anos sucesivos polas seguintes resolucións:

– Resolución do 22 de xaneiro de 2014, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2014 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro).

– Resolución do 18 de febreiro de 2015, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2015 (DOG núm. 46, do 9 de marzo).

– Resolución do 7 de marzo de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2016 (DOG núm. 59, do 29 de marzo).

– Resolución do 9 de xaneiro de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2017 (DOG núm. 31, do 14 de febreiro).



– Resolución do 27 de novembro de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2018 (DOG núm. 237, do 15 de decembro).

– Resolución do 20 de marzo de 2019, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2019 (DOG núm. 62, do 29 de marzo).

– Resolución do 12 de decembro de 2019, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2020 (DOG núm. 4, do 8.1.2020).

– Resolución do 22 de xaneiro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2021 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro).

Terceiro. De acordo co establecido no artigo 9.3 do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, a renovación do plan que se aproba foi sometida a informe da Consellería do Mar, por afectar a zona de desembocadura.

Cuarto. Solicitouse informe á Sección de Biodiversidade por estar dentro dun espazo natural protexido, a ZEC Esteiro do Tambre e porque a pesqueira se desenvolve en zona de presenza e prioritaria da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus subsp lusitanica*).

Quinto. Con data do 15.12.2021, o Servizo do Patrimonio Natural da Coruña efectuou unha proposta de resolución para a aprobación da renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2022.

Sexto. Segundo establece o artigo 9.2 do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, a renovación dos plans de aproveitamento procederá sempre que non se pretendan modificacións no referente ao incremento do esforzo de pesca ou a modificación de zonas dentro da bacía fluvial, e sempre que os informes técnicos con que conte o Servizo Provincial do Patrimonio Natural non aconsellen modificacións do plan vixente, criterios que se cumpren segundo a proposta de resolución do Servizo do Patrimonio Natural da Coruña.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, regula

CVE-DOG: 71zckhs2-bjn7-7on8-ygd8-ymuzkarhzh46



a pesca profesional da anguía mediante a aprobación e renovación de plans de aproveitamento específicos no marco do plan de xestión aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión do 1 de outubro de 2010 e o artigo 88.2 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e de ecosistemas acuáticos continentais.

Segundo. A competencia para ditar a resolución de renovación dos plans de aproveitamento específico correspóndelle á xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, conforme o establecido no artigo 9.4 do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e o disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 79, do 25 de abril).

Resolución:

Visto o exposto nos antecedentes e fundamentos de dereito, acórdase a aprobación da renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Tambre para o ano 2022, que figura como anexo a esta resolución.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no prazo de 1 mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

A Coruña, 16 de decembro de 2021

Cristina Carrión Rodríguez
Xefa territorial da Coruña

ANEXO

**Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura
do río Tambre para o ano 2022**

A. Artes de pesca:

a) Arte tradicional denominada nasa voitirón con rede de malla non inferior aos 14 mm, medidos en diagonal e mollada.



b) As artes de pesca de cada cadea deberán estar unidas por unha corda e en cada extremo dela unha boia, dun tamaño mínimo de 20 cm. Na de menor dimensión indicárase o folio da embarcación que opera con ela.

c) As cadeas de nasas deberán situarse en dirección paralela á corrente e non poderán cruzarse nin na canle nin no esteiro.

d) Programarase o tendido das artes de xeito que sempre quede libre un largo do río suficiente para o normal movemento das especies piscícolas migradoras.

B. Zona dentro da bacía fluvial e períodos de pesca:

a) Delimitación: tramo do río Tambre comprendido entre a liña que une punta Testal con punta Requeixo e Ponte Nafonso (exceptúase a zona de desembocadura do río Tines, delimitada no mapa 10 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia. (DOG núm. 102, do 30 de maio).

b) Período de pesca: desde o 1 de maio ata o 30 de setembro de 2022.

C. Horas de pesca diarias.

a) O horario de pesca estará comprendido entre as 12.00 horas do luns ata as 12.00 horas do sábado, cun máximo de 8 horas diarias de traballo.

b) As nasas voitrón deberán ser levantadas e revisadas diariamente.

c) Queda prohibido ter máis dunha cadea sen baleirar na cuberta da embarcación.

D. Número de aparellos ou artes de pesca por persoa.

a) O número máximo de artes de pesca que se empregue non poderá ser superior a dez (10) por tripulante e non se poderá acumular dun tripulante a outro.

E. Cota de captura por temporada de pesca e tamaño mínimo de captura.

a) Total admisible de capturas (TAC) por temporada de pesca: 1.000 kg. Unha vez acabado o TAC pecharase a tempada.



b) A dimensión mínima das anguías capturadas será de 20 cm.

c) Devolverase ao río calquera outra especie que entre nas nasas voitrón.

d) Só se autoriza a captura da anguía na fase do seu ciclo vital denominada «anguía amarela», e deberanse devolver á auga inmediatamente despois da súa captura todos os exemplares con signos externos propios da fase denominada «anguía prateada».

F. Relación de embarcacións e número de tripulantes por embarcación autorizados.

a) *Benigna*, con matrícula 3ªCO-7-2015, que contará cun máximo de 2 tripulantes.

b) *Baña*, con matrícula 3ªCO-7-2580, que contará cun máximo de 3 tripulantes.

G. Sistema de rexistro das capturas e de remisión de datos ao Servizo Provincial do Patrimonio Natural.

a) Cada mes, a confraría remitirá a declaración das capturas por especie e por día traballado ao Servizo do Patrimonio Natural, vía fax (981 18 46 54) ou por correo electrónico ao enderezo caza.pesca.coruna@xunta.gal. Ademais, remitirase a seguinte información: o día, número de tripulantes, número de nasas empregadas, quilogramos capturados de anguía e, ademais, indicación das especies capturadas non obxecto da pesqueira.

b) Así mesmo, remitirase o parte das especies capturadas e liberadas de lamprea, zamborca e salmón, se for o caso.

c) Os axentes da autoridade con funcións de policía e custodia dos recursos piscícolas e dos seus hábitats poderán realizar a inspección de embarcacións co obxecto de facer as comprobacións oportunas sobre as capturas.

H. Sistema de comercialización das capturas e o seu control.

a) A comercialización levarase a cabo na lonxa de Noia. Os participantes no plan teñen a obriga de entregar a totalidade das capturas.

b) Cada mes, xunto coas declaracións de capturas, os participantes no plan remitirán ao Servizo Provincial de Patrimonio Natural o xustificante das vendas en lonxa. Remitiranse aos mesmos lugares indicados no punto G.a).



I. Esta resolución queda condicionada ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca, en particular o regulado na Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial (DOG núm. 69, do 9 de abril).

CVE-DOG: 71zcKhs2-bjn7-7on8-ygd8-ymuzkarhzf46

